

AVALIACIÓN ORDINARIA EDUCACIÓN SECUNDARIA PARA PERSOAS ADULTAS

SESIÓNS DE AVALIACIÓN 5 – XUÑO – 2026

Grupo	Hora	Aula
ESPA_Módulo IV	12:00 horas	Salón de claustros

PUBLICACIÓN DAS NOTAS: As cualificacións da avaliación ordinaria da ESPA publicaranse en ABALAR o día **5 de xuño ás 13:00 horas**. Quen desexe o boletín de cualificacións en papel pode solicitalo na secretaría do centro.

INFORMACIÓN SOBRE AS CUALIFICACIÓNS: O alumnado que desexe algunha información sobre a súa cualificación deberá manifestalo por escrito, mediante solicitude presentada en conserxería o día 5 de xuño e ata as 10:00 horas do día 8. O profesorado atenderá o alumnado o día 8 ás 17:30 horas na PA19.

RECLAMACIÓNS ANTE O CENTRO

Reguladas na [Instrución 2/2026 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa](#) e na Orde do 26 de maio de 2023 (artigos 39, 40 e 41).

No caso de que o/a alumno/a non quedase conforme coa información dada polo/a profesor/a da materia, nesa data, pode elevar unha reclamación ante o centro, tendo de prazo o **8 e o 9 de xuño** en horario de oficina (9:00 a 14:00 horas). A solicitude será presentada na secretaría do centro, en modelo oficial. A dirección do centro trasladará a solicitude ao departamento didáctico responsable da materia e comunicarao á persoa docente titora.

O departamento didáctico analizará a solicitude de revisión recibida e o informe motivado elaborado pola persoa docente que impartiu a materia obxecto de revisión e elaborará o correspondente informe que recolla a descrición de feitos e actuacións previas que tivesen lugar e a decisión adoptada de ratificación ou modificación da cualificación final obxecto de revisión. O departamento didáctico emitirá unha **resolución antes das 18:00 horas do día 10 de xuño**.

O alumnado que realizou a reclamación ante o centro poderá recoller a resolución o **día 10 de xuño en horario de 20:00 a 21:00 horas**.

RECLAMACIÓNS ANTE O DEPARTAMENTO TERRITORIAL

Reguladas na [Instrución 2/2026 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa](#) e na Orde do 26 de maio de 2023 (artigos 42 e 43).

Se tras o procedemento de revisión no centro persiste o desacordo coa cualificación final, o alumnado poderá presentar por escrito (modelo oficial) á dirección do centro docente os días **11 e 12 de xuño** unha reclamación ante o departamento territorial correspondente.